

INFORMACIÓN DE INTERESE BOLSAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Obxecto da bolsa

Contribuír a formación práctica a través da participación en actividades vinculadas cos estudos en réxime de compatibilidade cos mesmos. En ningún caso poderán corresponder con funcións e actividades propias do persoal de administración e servizos ou do persoal docente e investigador da universidade.

Marco normativo

Será de aplicación a lexislación en materia de subvencións así como a propia convocatoria da bolsa. Pódese consultar no [portal de bolsas](#) da universidade.

As actividades realizadas polas persoas beneficiarias das bolsas non suporán relación laboral ou funcionarial ningunha coa Universidade de Vigo, nin terán a consideración de servizos previos ou efectivos nas administracións públicas.

As bolsas concédense para o exclusivo interese da persoa beneficiaria, tendo a dotación económica das mesmas a natureza de axudas a súa formación ou gratificación, e non de remuneración ou salario. A persoa beneficiaria deberá estar en todo momento supervisada polo titor/a.

Contía e pagamento

A contía figura na convocatoria da bolsa. Está suxeita a retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade social (cota obreira).

O pagamento farase por meses vencidos. Retribuirá a actividade realizada nese período conforme ao establecido na convocatoria. Se a actividade a desenvolver en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas na convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, o titor/a deberá emitir un informe facendo constar a actividade realizada, e achegalo á Sección de Bolsas antes do día 25 do mes en curso.

Duración e dedicación

A duración e dedicación figura na convocatoria da bolsa. En todo caso debe ser compatible cos estudos.

Seguros

a) Cotización á Seguridade Social

As persoas beneficiarias destas bolsas son integradas no réxime xeral da Seguridade Social. A cotización inclúe continxencias comúns, accidentes laborais e enfermidades profesionais e quedan excluídas expresamente as relativas a desemprego, FOGASA, e formación profesional. O custo da cotización é un importe fixo por mes independentemente do día do mes no que se incorpore ou renuncie a persoa beneficiaria.

b) Seguro de accidentes

As persoas beneficiarias están cubertas por un seguro nos seguintes termos:

- Os accidentes sufridos na realización destas bolsas están baixo a cobertura dun seguro de accidentes da universidade. Ademais os estudantes menores de 28 anos están baixo a cobertura do seguro escolar.

- Os danos a terceiros como consecuencia da realización destas bolsas, terán cobertura polo seguro de responsabilidade civil da UVIGO.

Dereitos do bolseiro/a

- A percibir a axuda económica que lle corresponde nos cinco primeiros días do mes a mes vencido.
- A obter a colaboración e os medios necesarios para o desenvolvemento normal das actividades obxecto da bolsa.
- A compatibilidade coa súa actividade académica, de representación e participación no seu caso, debendo comunicar con suficiente antelación á persoa titora as obrigas relacionadas con esas actividades.

Obrigas do bolseiro/a

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- A chegar dentro do mes seguinte á finalización da bolsas unha memoria das actividades realizadas que deberá estar informada pola persoa titora.
- Comunicar as bolsas incompatibles, de acordo co que estableza a convocatoria, e no seu caso renunciar á bolsa.

Obrigas do titor/a

- Prestar orientación e titorizar a actividade da persoa bolseira conforme ao establecido na convocatoria.
- Xestionar a formación incluída no plan formativo.
- Enviar unha vez recibida a solicitude de renuncia á Sección de Axudas e Bolsas.
- Enviar á Sección de Axudas e Bolsas informe no caso de incumprimento por parte da/o bolseira/o das obrigas establecidas na convocatoria, ao obxecto de iniciar o correspondente expediente de reintegro.

Renuncia

A renuncia voluntaria farase por escrito e enviada á Sección de bolsas e a persoa titora con 15 días de antelación á data en que se fará efectiva. A renuncia dará lugar a perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada.

Revisión e reintegro

A bolsa será revisada coa obriga de reintegro das cantidades incorrectamente percibidas no caso de:

- Incumprimento das obrigas especificadas na convocatoria.
- Ocultación ou falseamento dos datos.
- Informe desfavorable da persoa titora.

Protección de datos

Os datos de carácter persoal recollidos na solicitude forman parte dun ficheiro da universidade, diante da que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, portabilidade e limitación de uso e oposición ao seu tratamento.

Transparencia

En aplicación do disposto na lexislación de transparencia a aceptación da bolsa implicará a autorización para ser incluído/a na listaxe de persoas beneficiarias que a Universidade publicará anualmente no seu portal de transparencia.